

39

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

30 ou máis participantes
45 minutos

Cantar por equipos

Grupo. Distensión

FUROR

MATERIAIS

Non precisa materiais.

ESPAZO

Espazo para se xuntar 2 grupos cun mínimo dun par de metros entre un e mailo outro.

DESCRIPCIÓN

O grande grupo divídese en dous. Un educador (curinga) facilita e anima a sesión. O curinga vai propondo sucesivamente temas ou palabras para que os grupos entoen colectivamente cantares que inclúan a palabra ou tema propostos. O curinga indícalle a un grupo que comece a cantar. Tras medio minuto, o curinga dálle paso ao outro equipo, que comeza á súa vez a cantar. Así sucesivamente ata que un dos grupos quede sen resposta ou repita un cantar xa cantado.

VARIANTES

Hai quen xoga sen propoñer temas nin palabras.

Deste modo cada grupo fai unha lista de cantares e logo xogan a ver quen logra non quedar sen repertorio. Non vale repetir cantares.

Outra variante a medio camiño da regueifa consiste en que cada grupo debe responder cun cantar que repita as últimas palabras do cantar anterior ou que lle dea resposta ou continuidade dalgunha maneira.

Déixase medio minuto para pensar en grupo.

Vale inventar, con sentidiño.

